

Texto: **OLI**

Ilustracións: **MARC TAEGER**

Cartón duro. 26 páxinas en color. 19x19 cm.

Dispoñible en:

- Galego: "Artur". Faktoria K
ISBN 978-84-15250-11-1
- Castelán: "Arturo". Faktoria K
ISBN 978-84-15250-12-8
- Catalán: "Artur". Faktoria K- Hipòtesi
ISBN 978-84-15170-07-5
- Euskera: "Arturo". Faktoria K-Pamiela
ISBN 978-84-7681-677-6
- Portugués: "Artur". Kalandraka. Livros para sonhar
ISBN 978-989-8205-65-0
- Italiano: "Arturo". Kalandraka. Libri per sognare
ISBN 978-88-95933-29-0
- Inglés: "Arthur". Faktoria K
ISBN 978-84-15250-14-2

Prezo: 10 €

ARTUR

**O pito Artur estaba incómodo dentro do seu ovo.
Medrara tanto que aquel cuarto se lle facía pequeno...**

Dentro da casca, Artur sentiase a salvo, pero estaba moi apretado. Xa non cabía naquel cálido cuarto de paredes brancas, así que non lle quedou máis remedio que saír de alí. Descubriu entón que habitaba unha parte moi pequena dun mundo enorme e descoñecido que se abría ante os seus ollos sorprendidos e curiosos.

"Artur" é un libro de cartón duro para pre-lectores e primeiros lectores, que aborda a fragilidade dos recién nacidos: que senten, cal é a súa impresión inicial do contorno ao que chegan, os seus temores e inseguridades. Reflicte tamén a tenrura e o instinto de protección que suscita nos lectores adultos a figura do protagonista, indefenso ante canto o rodea e ao que lle agarda un longo proceso de aprendizaxe.

O texto, sinxelo e cun alto compoñente sensitivo, complétase cunhas ilustracións que, sobre fondo branco, destacan polos seus trazos grosos e fortes, as cores intensas e as formas esquemáticas, para facilitar a súa identificación e comprensión por parte dos máis cativos.

XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ (Cangas, 1960)

Profesor de Educación Infantil, escritor e especialista en Literatura Infantil. É co-director da colección SeteLeguas de KALANDRAKA, editorial na que publicou os álbums "Once damas atrevidas" e "O pirata pata de lata". Colaborou con outras editoriais como Xerais, Galaxia e Ir Indo.

MARC TAEGER (Berna, Suiza, 1963)

Vivió en cidades como Milán, Nápoles, Schriesheim e Lisboa. En 1975 instalouse en Barcelona, onde estudou deseño gráfico. Actualmente reside en Bueu, onde segue traballando como deseñador e ilustrador. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son algúns dos eidos nos que plasma a súa obra, que se expuxo en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia e Costa Rica, entre outros países. Recibiu o Premio Daniel Gil 2005 polo libro "A verdadeira historia de Carapuchiña", editado por KALANDRAKA, onde tamén ilustrou "Aquilaes o puntiño", "Garavanciño" e "Tic-tac". Deseña a imaxe gráfica da colección de narrativa do selo FAKTORIA K.

FAKTORIA
K
DE LIBROS



- **Temática:** a fragilidade dos recém nacidos
- **Idade recomendada:** pre-lectores e primeiros lectores
- **Aspectos destacables:** do autor de "Once damas atrevidas" e "O pirata pata de lata"; do ilustrador de "A verdadeira historia de Carapuchiña", "Aquilaes o puntiño", "Tic-tac" e "Garavanciño"; primeiros pasos na vida, aprendizaxe; instinto de protección; ilustracións expresivas e esquemáticas